

Evidencias

A función da evidencia no discurso

No marco do debate académico, a **evidencia constitúe o soporte empírico** do razoamento e desempeña un papel fundamental dentro do modelo A.R.E. (afirmación, razoamento e evidencia). A súa función non é meramente ilustrativa, senón probatoria: achega datos verificables que reforzan que sexa plausible a tese defendida.

Porén, un dos erros máis frecuentes no ámbito do debate consiste en “mostrar” evidencias sen integralas no desenvolvemento argumentativo. A evidencia non debe ser ensinada como un elemento alleo ao discurso, senón explicada e posta ao servizo da liña argumental. Non gaña quen acumula máis datos, senón quen mellor os interpreta e os conecta coa súa tese.

Para que unha evidencia sexa eficaz debe ser o máis actual posible e cumprir, cando menos, tres criterios (3C) fundamentais:

- ✗ **Claridade:** debe ser comprensible para o auditorio e estar correctamente formulada.
- ✗ **Credibilidade:** debe proceder dunha fonte fiable e recoñecida.
- ✗ **Conexión:** debe estar explicitamente vinculada ao argumento que pretende reforzar.

Tipos de evidencias

En función da súa natureza, poden distinguirse diferentes tipos de evidencias no debate académico:

a) **Datos estatísticos:** inclúen cifras, porcentaxes, indicadores ou series temporais. A súa forza reside na aparente obxectividade cuantitativa. O valor deste tipo de evidencia depende da actualización dos datos.

b) **Estudos ou investigacións académicas:** proceden de artigos científicos, informes técnicos ou publicacións especializadas. Neste caso, a autoridade deriva da metodoloxía empregada e do prestixio da publicación.

c) **Autoridades expertas:** trátase de declaracións ou visión fundamentada de especialistas recoñecidos nun ámbito determinado. A súa eficacia depende do grao de especialización da persoa citada e da pertinencia respecto ao tema debatido.

d) **Referencias normativas:** fan referencia a leis, regulamentos ou marcos institucionais. Xenericamente son necesarias sendo especialmente útiles en debates xurídicos ou políticos.

Onde buscar evidencias

A calidade da argumentación depende en gran medida da calidade das fontes empregadas. Entre os principais espazos de procura destacan:

- **Bases de datos académicas** (artigos científicos e revisións sistemáticas).
- **Informes institucionais** (organizacións internacionais, fundacións especializadas).
- **Publicacións especializadas** (revistas sectoriais ou técnicas).
- **Textos normativos oficiais** (boletíns oficiais, códigos legais).

Debe evitarse a utilización de fontes non verificadas, opinións sen respaldo documental ou contidos de carácter divulgativo sen rigor contrastado.

Como explicar correctamente unha evidencia

A utilización eficaz dunha evidencia require un proceso estruturado en tres fases:

1. **Introducir o contexto:** indicar a fonte, o ano e o marco no que se produce o dato.
2. **Explicar o significado:** interpretar o dato e facelo comprensible para o auditorio.
3. **Integrar no razoamento:** conectar explicitamente coa tese defendida.

Se falta a fase de explicación ou integración, a evidencia perde gran parte da súa eficacia retórica.

A comunicación da evidencia

A eficacia dunha evidencia non depende unicamente do seu contido ou da súa correcta integración no razoamento, senón tamén da maneira en que é comunicada. Neste sentido, a dimensión non verbal e para-verbal resulta determinante para reforzar a súa claridade, credibilidade e impacto no auditorio.

A nivel para-verbal a evidencia pode utilizarse para cambiar o ton e facer uso de espazo da seguinte forma:

- ✎ **Entoación:** debe variar para evitar monotonía e destacar as ideas clave, especialmente o dato relevante e a súa interpretación.

- ✂ **Ritmo:** recoméndase reducir a velocidade ao introducir a evidencia e acelerar lixeiramente nas partes menos relevantes.
- ✂ **Pausas:** fundamentais antes e despois do dato clave, permitindo que o auditorio o procese.
- ✂ **Énfase:** certas palabras (cifras, conclusións) deben ser destacadas mediante intensidade vocal.
- ✂ **Contacto visual:** debe manterse co auditorio cos compañeiros que defenden a outra postura e co xurado, evitando mirar constantemente ás notas ou á pantalla.
- ✂ **Xestualidade:** pode empregarse para sinalar magnitude (porcentaxes, comparacións) ou marcar contrastes.
- ✂ **Postura:** firme e estable, transmitindo seguridade ao presentar datos.
- ✂ **Orientación corporal:** evitar xirar completamente cara á pantalla; a prioridade é sempre o público.

A evidencia como obxecto de refutación

Así mesmo, as evidencias poden e deben ser analizadas criticamente no contexto da refutación. É posible cuestionar: a fiabilidade da fonte, a actualización dos datos, a interpretación polo equipo que defende a outra postura, a relevancia do dato respecto á cuestión debatida.

Deste xeito, a evidencia convértese non só nun instrumento de construción do argumento, senón tamén nun elemento central na estratexia de desarme da posición rival.

Conclusión

A eficacia das evidencias non depende da súa mera acumulación, senón da súa selección rigorosa, da súa explicación clara e da súa integración coherente na liña argumental. Empregadas con criterio, fortalecen o logos do discurso e consolidan a credibilidade do orador; mal utilizadas, poden converterse nun recurso retórico ineficaz ou incluso contraproducente.

En definitiva, as evidencias constitúen un elemento esencial da argumentación no debate académico deben repartirse durante as quendas de introdución, refutación 1 E refutación 2 **na conclusión non está permitido aportar unha evidencia nova.**